



A superficie total de Galicia é de 2.957.447 hectáreas, das que 2.039.574 (o 68,9%) están clasificadas como de uso forestal. Destas, presentan arborado 1.405.451, o que representa o 48% da superficie total de Galicia, cunhas existencias totais de 133 millóns de metros cúbicos de madeira.

O incremento anual de volume con casca ascende a 11,1 millóns

de metros cúbicos, dos que no ano 2010 foron obxecto de aproveitamento forestal 6,87 millóns (o que representa unha taxa do 62% do crecemento anual), ao que lle hai que engadir un millón de metros cúbicos en leña.

Este volume representa preto do 45% das cortas totais en España (15,8 millóns de metros cúbicos). A elevada representatividade de galega na produción de ma-





# Posta en funcionamento das Sociedades de Fomento Forestal

**Malia a elevada representatividade das producións forestais galegas no ámbito estatal, a estrutura minifundista do noso monte dificulta unha xestión sustentable e economicamente viable. Consciente desta situación, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha nova figura societaria, a Sociedade de Fomento Forestal, que facilite a xestión conxunta e sustentable da propiedade forestal, e que permita ademais unha separación clara, e ao mesmo tempo flexible, dos ámbitos de propiedade e xestión.**

deira con respecto aos datos estatais tamén se observa noutras producións forestais, como as castañas, o mel ou os fungos; son tamén moi importantes os aproveitamentos de pastos en terreos forestais.

Porén, a estrutura da propiedade forestal predominante en Galicia, de carácter minifundista, é un dos principais atrancos da xestión forestal sustentable pola dificul-

tade de levar a cabo unha xestión viable cos tamaños tan pequenos dos montes.

Malia os elevados datos de produtividade potencial forestal e o elevado volume de aproveitamento anual, en Galicia a superficie con certificación de sustentabilidade da xestión forestal non acadou o 10%, mentres que en Suecia supera o 60%, en Alemaña o 70% e en Finlandia o 80%.

A estrutura da propiedade forestal predominante en Galicia, de carácter minifundista, é un dos principais atrancos da xestión forestal sustentable pola dificultade de levar a cabo unha xestión viable cos tamaños tan pequenos dos montes

USO	Superficie (ha)
<b>FORESTAL</b>	<b>2.039.574</b>
- Arborado	1.405.451
- Raso	634.123
<b>NON FORESTAL</b>	<b>917.873</b>
<b>TOTAL DE GALICIA</b>	<b>2.957.447</b>

TITULARIDADE DO MONTE	Superficie (ha)	Porcentaxe (%)
Montes públicos	45.155	2,2
Montes veciñais en man común	668.090	32,8
Montes particulares	1.326.329	65,0
<b>TOTAL</b>	<b>2.039.574</b>	<b>100,0</b>

**Cadro 1. Usos do solo e titularidade do monte en Galicia**

Os montes deben ser xestionados de forma sustentable, integrando os aspectos ambientais coas actividades económicas, sociais e culturais, coa finalidade de conservar o medio natural, crear emprego e colaborar no aumento da calidade de vida da poboación rural

A distribución dos montes galegos segundo o tipo de propiedade indica que o 2% da superficie forestal é pública, o 32,8% —668.090 ha— é monte veciñal en man común e o 65% —1.326.329 ha— é de propiedade particular. Destas últimas son propietarias 672.000 persoas, o que representa unha superficie media por propietario algo inferior a dúas hectáreas, repartidas en varios predios. O 80% das parcelas son inferiores a 0,5 ha e a parcela media é de 0,2 ha.

No ano 2003, as Cortes aprobaron a Lei 43/2003, do 21 de novembro, básica do Estado en materia de montes. A devandita lei, que substitúe a anterior, de 1957, establece como principio xeral que as persoas propietarias dos montes son as responsables da súa xestión técnica e material. A xestión do monte, de acordo co primeiro principio da lei, debe ser sustentable, é dicir, os montes deben ser xestionados de forma sustentable, integrando os aspectos ambientais coas actividades económicas, sociais e culturais, cunha tripla finalidade:

- Conservar o medio natural.
- Crear emprego.
- Colaborar no aumento da calidade de vida e das expectativas de

desenvolvemento da poboación rural.

Como queda explicado, en Galicia os montes caracterízanse pola existencia dun gran número de persoas propietarias particulares con propiedades moi fragmentadas, cuxo tamaño é insuficiente para unha xestión técnica e economicamente viable, o que á súa vez dificulta seriamente a súa ordenación.

Ademais, tal e como se reflexa no Plan Estratéxico Galicia 2010-2014 Horizonte 2020, publicado pola Consellería de Facenda, nos últimos 25 anos a estrutura da poboación en Galicia experimentou grandes cambios, cun notable envellecemento da poboación, especialmente acusado nas zonas rurais. Ao igual que sucede noutras zonas de Europa, cada vez son máis as persoas propietarias forestais que viven no medio urbano, ou cuxos ingresos principais proveñen de actividades alleas ao medio rural.

A consecuencia é o aumento da superficie forestal cun baixo nivel de mantemento e produción, ou simplemente abandonada, que incide negativamente na conservación do medio natural, polo maior risco de incendios, e que



non xera emprego nin calidade de vida e desenvolvemento para a poboación rural. Todo isto, xunto co tránsito xeracional da propiedade forestal, que contribúe aínda máis á diversificación e á división da propiedade, provoca que existan poucos plans de ordenación, mellora e explotación que garantan a xestión sustentable do monte, e os que existen corresponden basicamente a montes veciñais en man común (MVMC).

Por outra parte, os longos ciclos de produción do monte fan pouco atractivo o investimento para unha maior implicación do capital privado.

Para obter unha explotación económica rendible e sustentable, é fundamental dispor dunha superficie mínima adecuada que posibilite unha xestión eficiente dos diferentes usos e aproveitamentos do monte. Para acadar maiores tamaños de explotación, existen diversas alternativas, como a concentración da propiedade —aínda que esta medida supón unha mellora, non permite por si mesma acadar superficies dabondo para realizar unha adecuada xestión sustentable— ou a aplicación de formas de organización que permitan unha xestión conxunta das parcelas de varias persoas propietarias.


De acordo cos datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), no ano 2010 había en Galicia 198.874 empresas das que a maior parte (112.233) eran persoas físicas, mentres que do resto a gran maioría eran sociedades de responsabilidade limitada (64.672).



**Parcelario superposto a ortofoto. Exemplo do minifundismo**



**Ortofoto de usos do solo no norte de Galicia. A zona inferior apréciase sen arborado, en contraste coa zona esquerda e superior arborada, e na que se realizou un proceso de concentración da propiedade**



**Ortofoto de arriba co parcelario superposto**



Para obter unha explotación económica rendible e sustentable é fundamental dispor dunha superficie mínima adecuada que posibilite unha xestión eficiente dos diferentes usos e aproveitamentos do monte

A Lei 43/2003, do 21 de novembro, básica do Estado en materia de montes, prevé a modificación da lexislación de sociedades para incorporar unha nova figura axeitada ás especificidades forestais —sociedade de propietarios forestais—, ata agora non materializada.

En tanto non se regule a devandita figura, e sendo competencia das administracións autonómicas as materias forestais, a Xunta de Galicia considera prioritario o deseño e fomento dunha figura societaria que facilite a xestión conxunta e sustentable da propiedade forestal, e que permita ademais unha separación clara, e ao mesmo tempo flexible, dos ámbitos de propiedade e xestión.

A citada figura societaria denomínase, en Galicia, Sociedade de Fomento Forestal (Sofor), e mentres que non se desenvolve a regulación da sociedade de propietarios forestais prevista na

Lei 43/2003, basearase no tipo de sociedade máis habitual na actividade económica galega, que é a sociedade de responsabilidade limitada, cuxas características se consideran as máis axeitadas para acadar os obxectivos previstos, sempre e cando reúna determinados requisitos operativos de carácter forestal.

A Xunta de Galicia, a través do Decreto 45/2011, do 10 de marzo (DOG nº 58, do 23 de marzo de 2011), regula o fomento das agrupacións de propietarios forestais, os requisitos e cualificación das Sociedades de Fomento Forestal (Sofor) e a creación do seu rexistro.

Neste decreto créase o citado Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal como un rexistro público de carácter administrativo adscrito á Consellería do Medio Rural, e especifícanse as condicións que deben cumprir as sociedades para poder inscribirse



Aproveitamento con procesadora nun piñeiral



**Produto elaborado en madeira de eucalipto**

e acceder ás axudas públicas específicas. Trátase de sociedades limitadas constituídas polos propietarios forestais para xestionar conxuntamente as súas propiedades e ás que poden dar entrada, se o estiman conveniente, a socios que acheguen capital, sen perder nunca a maioría na toma de decisións. Así, aquelas sociedades limitadas que cumpran os requisitos necesarios pódense inscribir no rexistro de Sofor e, a partir dese momento, a Xunta de Galicia recoñécelles un especial interese forestal.

Polo tanto, a Sofor é unha agrupación que asocia a propietarios ou propietarias forestais ou a persoas titulares de dereitos de uso de parcelas susceptibles de aproveitamento forestal, que ceden os devanditos dereitos á sociedade; a Sofor pode asociar tamén a outras persoas físicas ou xurídicas que non sexan titulares de dereitos de

uso de parcelas, pero que cumpren os seguintes requisitos:

- Ter a forma xurídica de sociedade de responsabilidade limitada (SRL).
- Ter o domicilio social e fiscal en Galicia.
- Acreditar o cumprimento dos requisitos forestais e estatutarios.
- Inscribirse no Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal.

**As Sofor son sociedades limitadas constituídas polos propietarios forestais para xestionar conxuntamente as súas propiedades e ás que poden dar entrada a socios que acheguen capital, sen perder nunca a maioría na toma de decisións**

Noutras palabras, consiste na agrupación de parcelas privadas onde as persoas propietarias, voluntariamente e mantendo a propiedade destas, ceden os dereitos de uso para o seu aproveitamento durante un mínimo de 25 anos a unha sociedade de responsabilidade limitada creada por eles mesmos. Nas Sofor poderá entrar capital privado, que en ningún caso poderá superar o 49%, coa intención de que o control da sociedade estea sempre nas mans dos propietarios forestais. Independentemente, eles crean a sociedade unicamente cos socios que eles estiman necesarios.

### **VANTAXES DAS SL FRONTE A OUTRAS FORMAS DE ORGANIZACIÓN**

Se analizamos os distintos modelos societarios vixentes, as sociedades de responsabilidade limita-

Cadro 2. Comparación das sociedades de responsabilidade limitada con outras figuras societarias

	Cooperativa	SAT	CB	SL
<b>Natureza xurídica</b>	Dereito Privado	Dereito Privado	Dereito Privado	Dereito Privado
<b>Finalidade</b>	Actividade económica para os socios	Actividade económica para os socios	Posesión de cousa en común	Actividade mercantil
<b>Sistema de adhesión</b>	Voluntaria	Voluntaria	Voluntaria	Voluntaria
<b>Reorganización da propiedade</b>	Voluntaria	Voluntaria	Voluntaria	Voluntaria
<b>Responsabilidade dos socios</b>	Limitada, pero responden	Ilimitada	Ilimitada	Limitada
<b>Regulación xurídica do uso dos terreos</b>	Posible	Só mediante achega	Compartindo a propiedade	Posible por varias vías
<b>Garantía de permanencia do socio</b>	Baixa voluntaria	Baixa voluntaria	Disolución cousa común	Plena e regulable
<b>Garantía de uso conxunto dos terreos a longo prazo</b>	Non pode ser > 10 anos Opción compra	Nula por baixa voluntaria	Non pode ser > 10 anos	Alta, mediante estatutos
<b>Potencial presenza de capital investidor</b>	Non permitida	Non permitida	Non posible	Permitida
<b>Flexibilidade de autorregulación</b>	Limitada	Limitada	Sen personalidade	Ampla
<b>Réxime de maiorías</b>	Personalista	Personalista	Sen personalidade	A vontade dos socios
<b>Órganos de goberno</b>	Xunta reitora de socios	Xunta reitora de socios	Non ten personalidade xurídica propia	A vontade dos socios
<b>Publicidade de actos e contas</b>	Media (registro cooperativas)	Mínima	Nula	Máxima (Registro mercantil)
<b>Tutela do minoritario</b>	Media (lexislación cooperativas)	Non prevista	Sen personalidade xurídica propia	Máxima (lexislación mercantil)
<b>Seguridade xurídica ante socios e terceiros</b>	Máxima	Escasa regulación legal	Máxima	Máxima
<b>Título xurídico da participación no capital</b>	Títulos nominativos non negociables	Resgardos nominativos non negociables	Porcentaxe da propiedade da cousa común	Participacións sociais transmisibles

da conforman a base ideal sobre a que definir un ente societario que permita a agrupación e revalorización do monte galego, en base a un horizonte de viabilidade empresarial e xestión sustentable a longo prazo.

No cadro 2 aprécianse de xeito resumido algunhas das características das sociedades de responsabilidade limitada e o

seu encaixe no ámbito forestal, comparándoas con outras figuras societarias: sociedades cooperativas, sociedades agrarias de transformación (SAT) e comunidades de bens.

### REQUISITOS PARA FORMAR UNHA SOFOR

A flexibilidade das sociedades limitadas á hora de configurar as

normas do seu funcionamento, baseada na autonomía da vontade das persoas socias, é unha das bases que permiten a adaptación desta figura societaria ás especificidades do ámbito forestal.

A regulación das Sociedades de Fomento Forestal establece unha serie de requisitos que deberán ser contemplados nos estatutos sociais para conseguir precisa-



mente a adaptación da sociedade limitada aos obxectivos perseguidos pola lei de montes, así como unha serie de pautas que permitan reducir os problemas habituais nunhas sociedades nas que se pode achegar non só un diñeiro, senón tamén, xa sexa como capital ou como prestación accesoria, o dereito de uso dunhas parcelas determinadas.

Para iso establécense unha serie de requisitos, de tipo forestal e estatutario, unha serie de regras de funcionamento que é necesario determinar, así como a inscrición nun rexistro específico.

## REQUISITOS FORESTAIS

**1. Superficie mínima.** Co fin de conseguir explotacións de interese forestal para Galicia, establécense unha superficie mínima de terreo forestal que cómpre xestionar de forma conxunta, e cuxo uso fose cedido á sociedade que, atendendo á necesidade de lograr unha xestión sustentable e economicamente viable, se estima en 15 hectáreas para as plantacións forestais de froito —soutos para a produción de castaña, por exemplo—, 25 hectáreas para as plantacións de frondosas caducifolias ou masas preexistentes de frondosas autóctonas e 50 hectáreas para outras plantacións ou aproveitamentos forestais —piñeiro ou eucalipto, por exemplo— ou para a creación de pasteiros. As sociedades deberán dispoñer dos dereitos de uso da superficie por calquera medio xurídico válido.

A superficie forestal xestionada poderá estar formada por un

## Co fin de conseguir explotacións de interese forestal para Galicia, establécense unha superficie mínima de terreo forestal que cómpre xestionar de forma conxunta

máximo de tres unidades de superficie en couto redondo, sendo a extensión mínima de cada unha delas a equivalente ao 25% da superficie mínima establecida en cada un dos casos descritos. Dentro das devanditas unidades en couto redondo, permitirase a existencia de ata un 30% de encravados ou de superficie de propiedades non incluídas na sociedade, se ben esta non computará para os efectos de acadar a superficie mínima esixida. As unidades de superficie deberán estar nun mesmo termo municipal ou en termos municipais estremeiros, e non se verá interrompida por límites naturais (ríos, lagos etc.), artificiais (vías de comunicación etc.) nin administrativos (concellos, provincias etc.).

**2. Planificación.** As Sofor deberán dispoñer ademais dun Instrumento de Planificación da Xestión Forestal, aprobado pola Dirección Xeral de Montes, enténdose baixo esta denominación os proxectos de ordenación de montes, plans dasocráticos, plans técnicos ou outras figuras equivalentes que garantan a axeitada ordenación do monte xestionado conxuntamente, así como a viabilidade técnica e económica da explotación, dentro dun modelo sustentable. O Instrumento de Planificación da Xestión Forestal será





As Sofor deberán dispoñer tamén dun Instrumento de Planificación da Xestión Forestal, aprobado pola Dirección Xeral de Montes

de obrigatoria aplicación, durante o período de vixencia establecido, á superficie forestal xestionada polas Sofor.

### REQUISITOS ESTATUTARIOS

1. As Sociedades de Fomento Forestal só poden ter por obxecto social a explotación e aproveitamento en común dos terreos forestais, dos cales o uso das parcelas foi cedido á sociedade constituída polos propietarios, mediante a xestión sustentable e viable destes, concretada nos aproveitamentos forestais definidos no artigo 6 da Lei 43/2003 de montes: os madeireiros e leñosos, incluída a biomasa forestal, os de cortiza, pastos, caza, froitos, fungos, plantas aromáticas e medicinais, produtos apícolas e demais produtos e servizos con valor de mercado característicos dos montes. A xes-

tión forestal sustentable consiste na organización, administración e uso dos montes de forma e intensidade que permita manter a súa biodiversidade, produtividade, vitalidade, potencialidade e capacidade de rexeneración para atender, agora e no futuro, as funcións ecolóxicas, económicas e sociais relevantes no ámbito local, nacional e global, sen producir danos a outros ecosistemas.

2. Calquera persoa física ou xurídica pode ser socia dunha Sofor, con independencia de que teña a propiedade forestal ou non, e para conseguir unha xestión conxunta de varias explotacións, a sociedade deberá contar como mínimo con tres persoas socias, sen que ningunha delas poida superar unha terceira parte do capital. As entidades públicas —Comunidade Autónoma de Galicia, entidades locais ou sociedades públicas

Cogomelos recolectados en bosques galegos



participadas por tales institucións—, asociacións e entidades sen ánimo de lucro poderán superar o devandito límite sen acadar o 49% do capital social.

3. No caso de coexistir capital social formado por achegas de persoas socias propietarias de parcelas forestais ou titulares do seu dereito de uso, e achegas de persoas socias simplemente capitalistas, diferenciaranse as que sexan de titularidade das persoas que ceden dereitos de uso de parcelas forestais e as restantes, denominándose de «clase forestal» e de «clase xeral», respectivamente.

4. As persoas socias con participacións forestais deberán ostentar a maioría dos dereitos de voto, o que posibilita a presenza de capital investidor a través da incorporación de socios/as que acheguen recursos de capital, tendo en conta que se debe manter o control polas persoas propietarias forestais.

5. Co fin de garantir o ciclo completo forestal, a cesión de uso e aproveitamento dos terreos forestais á sociedade deberá realizarse por un prazo indefinido ou por un prazo determinado concreto, cun mínimo de 25 anos. A cesión dos dereitos de uso e aproveitamento das parcelas forestais articularase a través das seguintes modalidades:

– A través de achegas non monetarias ao capital social: o valor dos dereitos de uso intégrase no capital social e outórgase á persoa socia unha cota nos dereitos de voto e participación nos beneficios.

– A través do establecemento de prestacións accesorias: o valor dos dereitos de uso non se considera como achega ao capital social. Nos estatutos sociais especificarase o contido destas, con identificación das parcelas e da superficie. Tamén se especificará a retribución que percibirá a persoa socia pola prestación accesoria, que poderá ser de varios tipos:

- Unha retribución económica en función dos aproveitamentos forestais obtidos nas parcelas da súa propiedade.
- Unha participación nos beneficios da sociedade a recibir vía dividendos, determinada en función da valoración dos dereitos de uso e non da súa participación no capital social.

– Por calquera outra modalidade xuridicamente válida, sempre que garanta que a sociedade é plena posuidora dos dereitos de uso das parcelas que integran os terreos forestais obxecto de xestión conxunta.

6. A administración da sociedade levarase a cabo por un consello de administración composto por un número impar de conselleiros/as fixados pola xunta xeral entre un mínimo de 3 e un máximo de 7 membros. Se existen participacións sociais de clase forestal e de clase xeral, ambas as dúas deberán estar representadas no consello de administración. Admitirase o nomeamento dun administrador único, sempre e cando o cargo sexa desempeñado por unha empresa de servizos fores-



Co fin de garantir o ciclo completo forestal, a cesión de uso e aproveitamento dos terreos forestais á sociedade deberá realizarse por un prazo indefinido ou por un prazo determinado en concreto, cun mínimo de 25 anos





A sociedade deberá contar como mínimo con tres persoas socias, sen que ningunha delas poida superar unha terceira parte do capital

tais que dispoña dunha acreditación válida sobre a súa solvencia e capacitación.


### INCENTIVOS ÁS SOCIEDADES DE FOMENTO FORESTAL

Para incentivar a creación de Sociedades de Fomento Forestal estableceranse axudas públicas tanto para aquelas que solicitan a inscrición previa no rexistro creado ao efecto como para aquelas que obteñan a inscrición definitiva no Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal.

As sociedades con inscrición previa no Rexistro das Sofor poderán obter axudas para o desenvolvemento das actuacións necesarias para a consecución dos requisitos esixidos para lograr a inscrición definitiva.

Nas sociedades con inscrición definitiva no rexistro, poderán concederse subvencións para as seguintes actuacións:

- Ata o 100% dos gastos necesarios para a realización da concentración privada das propiedades forestais integradas na Sofor. As actuacións referiranse a perímetros de concentración, nos cales polo menos o 70% da superficie que cómpre concentrar sexa de titularidade da Sofor ou dos seus socios.
  - Ata o 100% dos custos de redacción do proxecto de obras e infraestruturas comúns.
  - Ata o 70% dos custos de execución de infraestruturas comúns derivadas do proceso de concentración privada das parcelas forestais integradas nas Sofor (pistas para facilitar os accesos, devesas, puntos de auga ou cercados para o gando).
  - Ata o 100% dos custos de redacción do Instrumento de Planificación da Xestión Forestal.
- As Sofor que dispoñan do Instrumento de Planificación da Xestión Forestal vixente e aprobado



terán prioridade no acceso ás subvencións de fomento forestal que se poidan convocar pola Consellería competente en materia de montes, incluíndo as plantacións forestais, os traballos silvícolas e preventivos, así como de gastos de xestión. Terán carácter preferente as Sofor que teñan desenvolvido un proceso voluntario de concentración parcelaria dos terreos forestais obxecto de xestión conxunta.

## FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

Dende a entrada en vigor do decreto que regula a figura de Sofor, a Consellería do Medio Rural organizou e impartiu dous cursos de oito horas, catro cursos de catro horas e trinta e oito seminarios de dúas horas por toda a xeografía

galega co obxecto de difundir esta nova figura societaria entre os propietarios, profesionais do sector forestal e, en definitiva, entre todos os interesados.

Persoal da Consellería tamén está dando charlas e intervindo activamente en coloquios e se-

Para incentivar a creación de Sociedades de Fomento Forestal, estableceranse axudas públicas tanto para aquelas que solicitan a inscrición previa no rexistro creado ao efecto como para aquelas que obteñan a inscrición definitiva

minarios organizados por outras institucións e asociacións que así o solicitan.

En canto á presenza das Sofor na rede, o portal web <http://mediorural.xunta.es/areas/forestal/ordenacion/sofor/> ofrece aos usuarios un manual explicativo da nova figura creada que incorpora, como anexos, modelos dos estatutos dunha sociedade, actas, requirimentos e certificacións, así como outros documentos de utilidade no día a día da Sofor. Tamén está dispoñible unha publicación de consultas frecuentes relacionadas con esta figura asociativa.

Outro servizo que ofrece a páxina web é o asesoramento en liña, que permite ás persoas interesadas a interacción co persoal cualificado que está a responder todas as consultas.